

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 16 DE FEBREIRO DE 2026,
BAIXO A PRESIDENCIA DE
ALFONSO RUEDA VALENZUELA**

PROXECTO DE LEI**CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA**

- Anteproxecto de Lei de medida excepcional de carácter fiscal.

DECRETOS**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP**

- Decreto polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente a prazas de persoal funcionario dos corpos docentes que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

- Decreto polo que se establecen axudas sociais de carácter extraordinario, a favor de pensionistas de xubilación e incapacidade, na súa modalidade non contributiva e das persoas beneficiarias do subsidio de garantía de ingresos mínimos.

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Baiona dun treito antigo da estrada PO-552 da Rede autonómica de estradas de Galicia, xunto co seu dominio público viario (DPV).
- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Santa Comba do dominio público viario (DPV) exterior á liña do bordo exterior da cuneta, entre os puntos quilométricos 27+870 e 28+360 da marxe dereita da estrada AC-406.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

ACORDOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e a Fundación Semana Verde de Galicia para o financiamento dos gastos derivados das obras de reforma das instalacións hípicas exteriores no recinto feiral internacional de Galicia en Silleda, por un importe total de seiscentos corenta e catro mil cento vinte euros con catro céntimos (644.120,04 €).
- Acordo polo que se aproba definitivamente o "Anexo para información pública complementaria do eixo de mobilidade sustentable en Santiago de Compostela. Treito: Milladoiro-Estación intermodal", actuación financiada polo Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-Next GenerationEU.
- Acordo polo que se aproba definitivamente o proxecto de interese autonómico do aparcadoiro de vehículos pesados na ligazón de Balsa, da VG-20 coa PO-010, no Concello de Vigo (Pontevedra).

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se toma razón da convocatoria para o ano 2026 das axudas ás comunidades de propietarios/as para a reparación, a rehabilitación e/ou a adaptación dos edificios de vivendas protexidas promovidos polo Instituto Galego da Vivenda e Solo, cun importe total dun millón de euros (1.000.000,00 €).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza ao Servizo Galego de Saúde a contratación da obra de reforma e ampliación do Hospital Público da Mariña, Fase 2 e 3, en Burela (provincia de Lugo), por un importe total de licitación de trinta e tres millóns cincocentos sesenta e cinco mil douscentos sesenta e cinco euros con trece céntimos (33.565.265,13 €) con 21 % IVE e un valor estimado de vinte sete millóns setecentos trinta e nove mil oitocentos oitenta e oito euros con cincuenta e catro céntimos (27.739.888,54 €) sen IVE e cun prazo de execución de 36 meses.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se aproba o contrato plurianual de xestión da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (ACIS).

INFORMES

CONSELLERÍA DO MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

- Informe sobre a consulta pública previa iniciada polo Goberno central para a modificación do Regulamento Xeral de Costas.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP

- Informe sobre a resolución da convocatoria do programa Nexos.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Informe sobre os beneficios sociais e económicos que aplicará a Sociedade para o Aproveitamento de Recursos Naturais de Galicia RDG, S.A. (Recursos de Galicia-RDG) no parque eólico Mondigo, de acordo co establecido na Lei 2/2024, do 7 de novembro, de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia.

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Informe sobre a simplificación de procedementos administrativos no ano 2025.
- Informe de situación da Plataforma corporativa de formación en rede da Xunta de Galicia.

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Informe sobre a próxima aprobación provisional e próxima información pública do proxecto "Fomento da mobilidade sustentable. Itinerario peonil e ciclista na AC-550. Outes", cun presuposto base de licitación, IVE incluído, dun millón trescentos mil trescentos seis euros con sesenta céntimos (1.300.306,60 €).
- Informe sobre a adquisición polo Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) de vivendas procedentes da Sareb e de vivendas de promoción pública (VPP) adxudicadas en réxime de compravenda.

CONSELLERÍA CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

- Informe sobre a Rede galega de teatros e auditorios. Actividades e liñas de actuación 2026.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

- Informe sobre a convocatoria de axudas para o fomento do emprendemento en economía social (programa Aprod-Economía Social) para o ano 2026.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe sobre a orde pola que se regula a aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandería e das axudas ao desenvolvemento rural suxeitas ao sistema integrado de xestión e control.

CONSELLERÍA DO MAR

- Informe sobre os 25 anos de formación nos oficios do mar do Centro de Formación "A Aixola".
- Informe sobre o ditame do Consello Galego de Pesca sobre os resultados derivados da negociación dos totais admisibles de captura (TACs) e cotas para 2026.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA O ANTEPROXECTO DE LEI QUE INCLUIRÁ O PAGAMENTO EN EFECTIVO PARA AS DEDUCIÓNS FISCAIS EN LIBROS E MATERIAL ESCOLAR

- Rueda sinala que o documento remitirase ao Parlamento como proxecto de Lei de lectura única, un procedemento que permite acelerar a aprobación da norma, reducindo os prazos
- Subliña que se trata dunha medida excepcional que permitirá optar a esta dedución ás familias que xa realizaron as compras no 2025 e que descoñecían que calquera beneficio fiscal non admite pagamentos en efectivo

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, destacou hoxe que o Consello hoxe o anteproxecto de Lei de medida excepcional en materia fiscal que inclúe o pagamento en efectivo para as deducións fiscais en libros e material escolar.

Segundo sinalou o titular do Executivo galego, o documento remitirase ao Parlamento como proxecto de Lei de lectura única, un procedemento que permite acelerar a aprobación da norma, reducindo os prazos. Con esta medida excepcional permitirase ás familias que descoñecían que calquera beneficio fiscal non admite pagamentos en efectivo optar a esta dedución, de grande importancia para moitas unidades familiares. O Goberno galego cumpre así co compromiso adquirido de xeito rápido e eficaz.

Ferramenta de control

O presidente lembrou que co obxectivo de apoiar “ás familias con fillos en idade escolar” e favorecer a igualdade de oportunidades no acceso á educación obrigatoria, o Goberno galego puxo en marcha unha nova dedución fiscal no imposto sobre a renda das persoas físicas pola adquisición de libros de texto e material escolar, a través da Lei de medidas fiscais e administrativas de Galicia. Unha medida que, tal e como apuntou, beneficiaría a “arredor de 60.000 familias” cun “aforro de arredor dos 6 millóns e medio de euros”. O documento sinala na súa disposición adicional quinta, que, no que se refire aos medios de xustificación do gasto, “en ningún caso darán dereito a practicar esta dedución as cantidades satisfeitas mediante entregas de diñeiro de curso legal”.

Rueda sinalou que este requirimento é un principio xeral que non se limita ás desgravacións en gastos de material escolar, senón que é común a calquera beneficio fiscal. É unha ferramenta de control das políticas públicas para garantir a eficiencia, legalidade e sustentabilidade financeira da Administración.

Porén, para non prexudicar as familias que descoñecían esta medida, o Goberno galego aproba este anteproxecto de lei que modifica a disposición adicional quinta da lei de medidas para aceptar tamén os pagamentos en efectivo que teñan a acreditación de gasto correspondente emitida, entre o 1 de xullo e o 31 de decembro, ambos incluídos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ABRIRÁ O VINDEIRO 24 DE FEBREIRO O PRAZO PARA ANOTARSE NAS OPOSICIÓN S DE EDUCACIÓN

- O Consello da Xunta dá luz verde ao decreto de oferta pública de emprego, con 1.601 prazas, logo do seu paso pola Mesa Sectorial
- Desde 2009 convocáronse 21.698 prazas para consolidar Galicia como a comunidade con menor interinidade docente
- O proceso, con 120 prazas por cada 100 baixas, vai permitir seguir mellorando as ratios nas aulas nun contexto de caída da matrícula
- Os postos distribúense en 42 especialidades, con especial reforzo de áreas como a atención á diversidade ou o ensino de linguas estranxeiras

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde ao decreto de oferta pública de emprego da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP. Son en total 1.601 prazas en 42 especialidades, das que case o 87 %, un total de 1.388, son de novo ingreso, mentres que as 213 restantes son de promoción interna. A oferta e a orde de convocatoria das probas publicarase nos próximos días no *Diario Oficial de Galicia*, de tal forma que as persoas interesadas poderán inscribirse nas oposicións a partir do 24 de febreiro.

O proceso de exames desenvolverase entre o 20 de xuño e o 19 de xullo. Unha vez se publiquen os resultados, as persoas que acaden praza participarán no concurso de adxudicación de destinos provisionais para poder incorporarse ao seu posto o 1 de setembro e iniciar xa nel o vindeiro curso 2026/27.

A oferta pública de emprego deste ano esgota o límite do 120 % da taxa de reposición establecido na normativa estatal. Isto é, convócanse 120 prazas por cada 100 baixas. Son, polo tanto, unhas oposicións de máximos que van permitir seguir mellorando as ratios nas aula nun contexto de descenso da matrícula.

Esta nova convocatoria eleva a 21.698 as prazas convocadas desde 2009 para consolidar Galicia como a comunidade con menor interinidade docente. Esta aposta pola estabilidade do profesorado e pola súa posibilidade de avanzar na carreira –a través da promoción interna que permite, por exemplo, que os mestres pasen ao corpo de profesores de ensino secundario–, súmase a outras políticas da Xunta para apoiar aos docentes grazas ao acordo de mellora asinado coas organizacións sindicais CC.OO., ANPE, UGT-SP Ensino e CSIF, que incide en cuestións como o horario lectivo, a redución da burocracia ou os complementos salariais.

De xeito paralelo, continúa intensificándose a formación do profesorado e vanse ofrecer novos servizos para apoialo como é o caso da nova oficina de apoio ao profesorado, que vai complementar o reforzo este curso da súa condición de autoridade pública.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Áreas reforzadas

Por corpos, no de mestre convócanse 476 prazas en oito especialidades, e no de profesores de ensino secundario, 852 en 29 especialidades. Pola súa banda, haberá 60 prazas en cinco especialidades no corpo de profesores especialistas en sectores singulares da FP. En canto á promoción interna, haberá 213 prazas en 29 especialidades.

A convocatoria reforza áreas clave, como a atención á diversidade, cun total de 136 prazas para mestres especialistas en Audición e Linguaxe e en Pedagogía Terapéutica, un 46 % máis ca nas oposicións de 2025.

Tamén se fai fincapé no reforzo da aprendizaxe das linguas estranxeiras, cun total de 229 prazas en inglés (entre mestres, secundaria e promoción interna), 45 máis ca en 2025; así como en francés, cun total de 54 prazas entre mestres, secundaria e promoción interna, fronte as 32 do ano pasado.

Ademais, refórzanse algunhas especialidades nas que se estaba esgotando as listaxes de substitucións, como é Latín en secundaria, con 35 prazas entre novo ingreso e promoción interna, ou Soldadura no corpo de profesores especialistas en sectores singulares da FP, con 14 prazas.

A distribución por especialidades é a reflectida nas seguintes táboas:

Corpo de mestres: 476 prazas, oito especialidades

Especialidade	Prazas
Educación Infantil	80
Lingua Estranxeira: Inglés	45
Lingua Estranxeira: Francés	35
Educación Física	25
Música	30
Pedagogía Terapéutica	95
Audición e Linguaxe	41
Educación Primaria	125
Total	476

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Corpo de profesores de ensino secundario: 852 prazas, 29 especialidades

Especialidade	Prazas
Filosofía	25
Latín	28
Lingua castelá e literatura	35
Xeografía e historia	35
Matemáticas	50
Física e química	30
Bioloxía e xeoloxía	25
Debuxo	30
Francés	15
Inglés	147
Portugués	5
Música	15
Educación física	20
Orientación educativa	15
Tecnoloxía	15
Lingua e literatura galega	80
Economía	20
Administración de empresas	20
Construcións civís e edificacións	8
Formación e orientación laboral	31
Informática	30
Organización e xestión comercial	15
Organización e proxectos de fabricación mecánica	15
Procedementos de diagnóstico clínico e ortoprotésico	10
Procedementos sanitarios e asistenciais	20
Procesos comerciais	20
Procesos de xestión administrativa	33
Sistemas e aplicacións informáticas	40
Equipos electrónicos	20
Total	852

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Corpo de profesores especialistas en sectores singulares da FP: 60 prazas, cinco especialidades

Especialidade	Prazas
Cociña e pastelería	12
Estética	7
Fabricación e instalación de carpintería e moble	7
Mantemento de vehículos	20
Soldadura	14
Total	60

Acceso do Subgrupo A2 ao Subgrupo A1 ao corpo de profesores de ensino secundario: 213 prazas, 29 especialidades

Especialidade	Prazas
Filosofía	6
Latín	7
Lingua castelá e literatura	9
Xeografía e historia	9
Matemáticas	14
Física e química	7
Bioloxía e xeoloxía	6
Debuxo	7
Francés	4
Inglés	37
Portugués	1
Música	4
Educación física	5
Orientación educativa	4
Tecnoloxía	4
Lingua e literatura galega	18
Economía	5
Administración de empresas	5
Construcións civís e edificacións	2
Formación e orientación laboral	8
Informática	7

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Organización e xestión comercial	4
Organización e proxectos de fabricación mecánica	4
Procedementos de diagnóstico clínico e ortoprotésico	3
Procedementos sanitarios e asistenciais	5
Procesos comerciais	5
Procesos de xestión administrativa	8
Sistemas e aplicacións informáticas	10
Equipos electrónicos	5
Total	213

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA 8 M€ AO PAGAMENTO DO COMPLEMENTO AUTONÓMICO ÁS PERSOAS CON PENSÍONS NON CONTRIBUTIVAS

Unhas 36.500 persoas recibirán esta axuda extraordinaria de 218 euros nun pagamento único anual que se ingresará directamente nas súas contas, sen necesidade de solicitalo ou de facer trámite algún

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde ao proxecto de decreto para o pagamento do complemento autonómico aos perceptores de prestacións non contributivas, ao que se destinan 8 millóns de euros. Ao redor de 36.500 persoas recibirán esta axuda extraordinaria de 218 euros nun pagamento único anual, que se ingresará directamente nas súas contas bancarias neste primeiro trimestre do ano.

Non é necesario solicitar este complemento nin facer trámite algún, xa que o pagamento realizarase de oficio unha vez que se comprobe que as posibles persoas beneficiarias compren coas condicións para recibilo. Estes requisitos son unicamente dous: ter residencia habitual en Galicia e estar en situación de alta en nómina na data 1 de xaneiro de 2026.

A Xunta concede este complemento de maneira interrompida desde fai 18 anos. Esta destinado a persoas beneficiarias de pensións de xubilación e de incapacidade nas súas modalidades non contributivas e as do subsidio de garantía de ingresos mínimos. A finalidade desta axuda é incrementar os recursos daquelas persoas con menor capacidade económica para procurarles unha mellor calidade de vida.

Tras a súa aprobación esta mañá polo Consello da Xunta, o decreto para o pagamento desta achega publicarase no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) nos vindeiros días.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA O CAMBIO DE TITULARIDADE A PROL DO CONCELLO DE BAIONA DO TREITO ANTIGO DA PO-552, COINCIDENTE COAS RÚAS JULIO VALVERDE E PORTA DO SOL

- Trátase do treito correspondente ás obras realizadas e proxectadas para a humanización da travesía interior de Sabarís, nas fase I e II, e comprende unha lonxitude aproximada de 1.167 m
- O cambio de titularidade será efectivo ao día seguinte ao da publicación deste decreto no *Diario Oficial de Galicia*

O Consello da Xunta autorizou o cambio de titularidade a prol do Concello de Baiona dun treito antigo da estrada PO-552 da Rede autonómica de estradas de Galicia, xunto co seu dominio público viario, que se corresponde coa rúas Julio Valverde e Porta do Sol do municipio pontevedrés.

O decreto informado hoxe polo Executivo autonómico dá cumprimento ao convenio de colaboración entre a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas e o Concello de Baiona para o financiamento das obras da fase II da humanización da travesía interior de Sabarís. No dito convenio recóllese o compromiso do Concello de aceptar a transferencia da totalidade do dominio público viario deste treito da citada estrada de titularidade da Xunta.

O treito antigo da estrada PO-552 (treito da antiga C-550) correspóndese coa rúas Julio Valverde e Porta do Sol. Este treito identifícase co correspondente ás obras realizadas e proxectadas para a humanización da travesía interior de Sabarís, nas fase I e II, e comprende unha lonxitude aproximada de 1.167 m. É un treito antigo que se inicia na rúa Julián Valverde, á altura do punto quilométrico 13+070 da PO-552, marxe esquerda, e finaliza na rúa Porta do Sol, no punto quilométrico 14+200 da PO-552, marxe esquerda.

Este treito ten a consideración de elemento funcional da estrada, discorre integramente polo termo municipal do Concello de Baiona e atravesa solo clasificado como urbano polo instrumento de planeamento vixente. Presenta un marcado carácter local e urbano, carecendo de funcionalidade no ámbito da Rede autonómica de estradas de Galicia.

A Axencia Galega de Infraestruturas, de acordo cos informes emitidos polos servizos competentes, formulou a proposta favorable á transferencia de titularidade.

O cambio de titularidade será efectivo ao día seguinte ao da publicación deste decreto no *Diario Oficial de Galicia*. A entrega dos bens formalizarase no prazo dos tres meses seguintes a esta publicación mediante a sinatura da correspondente acta de entrega.

Correspóndelle ao Concello de Baiona, a partir da formalización da entrega, todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación da vía, así como o exercicio das funcións de disciplina viaria e calquera outra que puidese corresponderlle como nova Administración titular.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Xúntase plano do treito cuxa titularidade se transfire:



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA O CAMBIO DE TITULARIDADE DUN TREITO DA ESTRADA AUTONÓMICA AC-406 A PROL DO CONCELLO DE SANTA COMBA

- Trátase dun treito do dominio público viario exterior á liña do bordo exterior da cuneta, de 502 metros de lonxitude, entre os puntos quilométricos 27+870 e 28+360 da marxe dereita da estrada
- O cambio de titularidade será efectivo ao día seguinte ao da publicación do decreto no *Diario Oficial de Galicia*
- Correspóndelle ao Concello, a partir da formalización da entrega, todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación do dominio público viario transferido

O Consello da Xunta autorizou o cambio de titularidade do dominio público viario exterior á liña do bordo exterior da cuneta, entre os puntos quilométricos 27+870 e 28+360 da marxe dereita da estrada AC-406, a prol do Concello de Santa Comba.

A Xunta, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, asinou co Concello de Santa Comba un convenio de colaboración para a execución dunha senda peonil na AC-406, desde o polígono empresarial de Santa Comba. O dito convenio recolle o compromiso do Concello de aceptar, unha vez finalizadas as obras obxecto do acordo, a transferencia da titularidade do treito da senda peonil resultante na estrada AC-406, no tramo comprendido entre os puntos quilométricos 27+750 e 28+410, sen que se vexan afectadas nin as beiravías nin a calzada da estrada.

A estrada convencional AC-406, con categoría funcional de rede estruturante, discorre polos termos municipais de Santa Comba, A Baña e Val do Dubra. O treito no que se atopa a senda obxecto de transferencia sitúase no termo municipal de Santa Comba, en solo clasificado como solo rústico.

O cambio de titularidade da dita senda non afecta nin as beiravías nin a calzada da estrada AC-406, polo que non se ve alterada a continuidade dos itinerarios dos que forma parte esta vía, nin tampouco o seu nivel de servizo. A senda foi executada polo Concello de Santa Comba dentro da obra de mellora do saneamento do parque empresarial do municipio.

A transferencia deste treito a prol do Concello de Santa Comba tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación por decreto da Xunta, a proposta da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas como competente en materia de estradas, e logo do acordo entre as administracións implicadas.

O departamento de Infraestruturas da Xunta ten entre as súas funcións a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da comunidade autónoma e das entidades provinciais e locais.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O cambio de titularidade será efectivo ao día seguinte ao da publicación deste decreto no *Diario Oficial de Galicia*.

Correspóndelle ao Concello de Santa Comba, a partir da formalización da entrega, todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación do dominio público viario transferido, así como o exercicio das funcións de disciplina viaria e calquera outra que puidese corresponderlle como nova Administración titular.

Plano do treito cuxa titularidade se transfire:



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINARÁ MÁIS DE 550.000 € Á REFORMA DAS INSTALACIÓNS HÍPICAS EXTERIORES NO RECINTO DA FEIRA INTERNACIONAL DE GALICIA DE SILLEDA

- O Consello da Xunta autorizou hoxe o acordo coa Fundación Semana Verde de Galicia para o financiamento dos gastos derivados destas actuacións, que ascenden a 644.100 euros e dos que o Goberno galego financia o 85 %
- A intervención contempla a creación dunha pista de última xeración equipada cun sistema de rego e drenaxe interno que permite o seu uso todo o ano
- A reforma das instalacións contribuiría á celebración de competicións deportivas de primeiro nivel en colaboración coa Federación Galega de Hípica

O Consello da Xunta autorizou hoxe o convenio de colaboración entre o Goberno galego e a Fundación Semana Verde de Galicia para o financiamento dos gastos derivados das obras de reforma das instalacións hípicas exteriores no recinto da Feira Internacional de Galicia Abanca de Silleda, por un importe total de 644.120 euros. Desta contía, a Xunta alcanzará o 85 % cun investimento de 550.000 euros, mentres que a fundación alcanzará os 94.120 euros restantes.

A intervención contempla a creación dunha pista de última xeración composta por area de microsilíce e fibras xeotextiles, equipada cun sistema de rego e drenaxe interno, o que permitirá o seu uso continuado durante todo o ano, incluso en condicións climáticas adversas. En concreto, os traballos previstos inclúen a escavación da pista e de gabias para canalización de tubaxes, a colocación de lona illante, a instalación de tubaxes con boias e electroválvulas, a chegada de capas de area de drenaxe e nivelación por láser, a aplicación de capa final de area de microsilíce e mestura con fibra e a posta en marcha do sistema integral de rega e drenaxe.

Esta infraestrutura permitiría á Federación Hípica Galega na formación dos deportistas, garantir o benestar dos animais e aumentar a presenza de Galicia na competición de alto nivel. De feito, a remodelación destas instalacións suporía adecualas ás esixencias actuais dos estándares internacionais de calidade e benestar animal nas pistas destinadas a albergar concursos de primeira orde.

Nesta liña, a Fundación Semana Verde mantén contacto coa federación co obxectivo de definir posibles vías de colaboración que permitan celebrar no recinto feiral de Silleda actividades deportivas e formativas de alto nivel. Cómpre destacar que a Fundación Semana Verde xa conta actualmente con instalacións hípicas na zona de gandería do recinto feiral. Así, dispón dun ring principal cunha superficie útil de 8.500 metros cadrados, cunha grada que permite acoller a 1.500 persoas baixo unha superficie cuberta e outras 800 o aire libre, contando con herba natural. Ademais, a isto súmase unha pista de quencemento (ring anexo) cunha superficie de area de 4.100 metros; e unha zona de

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

cortes que dispón de 92 boxes sobre unha superficie bruta de máis de 1.500 metros cadrados.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA DE FORMA DEFINITIVA A MODIFICACIÓN DO TRAZADO DA SENDA ENTRE O MILLADOIRO E A ESTACIÓN INTERMODAL DE SANTIAGO AO SEU PASO POR CONXO

- O Consello da Xunta aproba as modificacións deste trazado que forma parte dun eixo mais amplo de mobilidade sustentable en Santiago de Compostela para conectar O Milladoiro, o Complexo Hospitalario Universitario de Santiago, a estación intermodal e San Caetano
- O obxectivo é poñer á disposición da veciñanza e persoas usuarias unha senda segura, funcional e sustentable que favoreza os desprazamentos a pé ou en bicicleta

O Consello da Xunta aprobou de forma definitiva o anexo para información pública complementaria e o trazado do eixo de mobilidade sustentable en Santiago de Compostela no treito entre O Milladoiro e a estación intermodal con todos os informes sectoriais favorables. Así, o novo trazado e obras complementarias sitúanse fóra do ámbito definido para o Plan Especial de Conxo.

Polo tanto, non se realizarán obras dentro do ámbito delimitado no Plan xeral de ordenamento municipal (PXOM) para o Plan especial de protección e rehabilitación da igrexa, hospital e mosteiro de Conxo (PE-1R).

Buscando o maior consenso entre os distintos colectivos, a nova solución propón unha alternativa que evita a afección na contorna do Banquete de Conxo, mantendo a seguridade dos ciclistas ao deseñar unha senda non compartida co tráfico viario, tal e como solicitaba a principal asociación ciclista da cidade.

As modificacións deseñadas para esta senda deron lugar a unha nova alternativa que comparte o trazado de proxecto ata o punto quilométrico 3+560, punto no que en lugar de seguir cara ao oeste no Banquete de Conxo sepárase do mesmo en dirección este, ata acadar o aparcamento actual do Hospital de Conxo. Tras acadar o nivel do aparcamento a senda ciclable continúa polas prazas de aparcamento situadas no perímetro oeste. Ademais, dispónse dunha pasarela de madeira na subida á cota do aparcadoiro do hospital.

Co obxecto de non suprimir prazas cambiase a distribución das prazas en batería a 90º por prazas en espiña de peixe, mantendo o número de aparcamentos. As prazas píntanse de novo conseguindo un mellor aproveitamento do espazo e a mellora da seguridade viaria.

Á altura do paso de peóns existente na rúa de Ramón Baltar a senda cambia de marxe e sitúase paralela á beirarrúa, para o que é necesario executar un desmonte no treito. Finalmente descende para conectar a través dun novo paso no muro perimetral para non afectar a entrada ao camiño que dá ao Banquete, co trazado inicial no punto quilométrico 4+260.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Durante o período de información pública, remitíronse á Axencia Galega de Infraestruturas da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas alegacións de particulares; recibíronse informes por parte das distintas administracións afectadas pola actuación: do Concello de Santiago de Compostela, da Deputación da Coruña, así como das Consellerías de Cultura, Lingua e Xuventude e Medio Ambiente e Cambio Climático.

A aprobación definitiva do anexo implica a declaración de utilidade pública, a necesidade de ocupación dos bens e de adquisición dos dereitos necesarios para a execución das obras. Por outra parte, consonte á Lei 18/2021 de medidas fiscais e administrativas, os concellos de Ames e Santiago de Compostela, nos que se asentan as infraestruturas obxecto do proxecto, deberán adaptar o seu planeamento urbanístico ao contido do mesmo.

Cómpre lembrar que esta nova intervención forma parte da creación dun eixe máis amplo que conectará O Milladoiro, o Complexo Hospitalario Universitario de Santiago, a intermodal e San Caetano. En total, case 13 quilómetros de sendas ciclistas e peonís que suporán un investimento de case 11 millóns de euros. Estas actuacións son impulsadas ao abeiro do programa europeo dos Fondos Next Generation, co fin de favorecer desprazamentos menos contaminantes nas cidades galegas e nas súas contornas e fomentando a diminución de emisións de gases á atmosfera.

Por último, cómpre aclarar que actualmente está previsto executar unicamente unha primeira fase do trazado, quedando excluída da execución a zona limítrofe co Banquete de Conxo, desde o punto quilométrico 2+600 ata o 4+200, ante a falta de acordo por parte do Concello de Santiago.

Isto supón que a execución da primeira fase contaría co consenso de todas as administracións, quedando para unha segunda fase a posibilidade de executar a senda segregada dos automóviles e ter en conta a alegación dos ciclistas, onde indicaban a súa preferencia polo trazado proposto pola Xunta e agora aprobado, xa que a proposta municipal non garantía a súa seguridade. O trazado aprobado, e relegado para unha segunda fase ante a oposición do concello de Santiago, permitiría gañar en seguridade e comodidade. Esta execución por fases facilitará acadar un acordo sobre o mantemento da infraestrutura e facilitará o cumprimento dos prazos establecidos polo Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado polos fondos da Unión Europea NextGeneration.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA DE MANEIRA DEFINITIVA O PROXECTO DE INTERESE AUTONÓMICO DO APARCADOIRO DE VEHÍCULOS PESADOS NO ENLACE DE Balsa, NO CONCELLO DE VIGO

- O Consello da Xunta autorizou o PIA desta iniciativa, na que o Consorcio da Zona Franca de Vigo prevé un investimento de máis de 2,2 M€
- O proxecto cumpre coa Lei de ordenación do territorio de Galicia, cos informes sectoriais e coa normativa urbanística municipal

O Consello da Xunta aprobou hoxe de forma definitiva o Proxecto de Interese Autonómico (PIA) do aparcamento de vehículos pesados no enlace de Balsa, da VG-20 coa PO-010, no Concello de Vigo, solicitado polo Consorcio da Zona Franca de Vigo, para o que se prevé un investimento de máis de 2,2 millóns de euros. A contía abrangue a execución das obras e urbanización, conexións exteriores, a adquisición de terreos e outros custos asociados.

O ámbito do PIA abrangue unha superficie aproximada de 16.000 metros cadrados clasificada como solo rústico de especial protección de infraestruturas, compatible co Plan xeral de ordenamento municipal (PXOM) de Vigo, que prevé expresamente esta actuación a través do Plan especial de infraestruturas e dotacións da área de estacionamento e servizos da Balsa PEID-609. O proxecto mantén a clasificación do solo, axustando a súa delimitación ás expropiacións da VG-20 de titularidade estatal. Ademais, cumpre coa Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, cos informes sectoriais e coa normativa urbanística municipal.

A solicitude xorde como resposta a ausencia de espazos adecuados para o estacionamento e espera de camións no polígono industrial de Balaídos, un dos principais motores industriais de Galicia, cunha actividade loxística moi intensa vinculada ó sector da automoción. O novo aparcamento situaríase na parroquia de Santo Andrés de Comesaña, a menos de cinco quilómetros do centro de Vigo. Conecta ao norte co segundo cinto de Vigo (VG-20), existindo a ligazón de Balsa, que permite o acceso á VG-20 nos dous sentidos: entrada á cidade de Vigo e saída en dirección Porriño. Ademais, sitúase a sete quilómetros do porto de Vigo, a 14 do aeroporto de Peinador e a 30 da fronteira portuguesa.

Polo tanto, atópase nunha situación privilexiada na rede viaria que articula a área metropolitana de Vigo e próximo ás grandes infraestruturas de transporte da zona, así como ás áreas industriais máis importantes de Vigo e a súa contorna.

Deste xeito, a nova infraestrutura contribuirá a mellorar a seguridade viaria, ao eliminar situacións de risco nos accesos ao polígono; a mellorar a calidade de vida da veciñanza, reducindo tráfico pesado e estacionamento indiscriminado. Ademais, os transportistas contarán con mellores condicións ao dispoñer dun espazo seguro e dotado de servizos. Tamén se contribúe a reforzar o apoio á cadea loxística da automoción galega no Polígono de Balaídos e á conexión co Porto de Vigo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA 1 M€ AO FOMENTO DA REHABILITACIÓN DE INMOBLES DE VIVENDA DE PROMOCIÓN PÚBLICA NA CONVOCATORIA DE AXUDAS AUTONÓMICAS

- Trátase de apoiar os esforzos que están a levar a cabo as comunidades destas vivendas, para a adecuación aos requisitos de funcionalidade, seguridade, habitabilidade e accesibilidade
- A contía da subvención poderá chegar ata o 60 % do orzamento das obras, cun importe máximo de 6.000 euros por vivenda
- O Executivo autonómico segue a traballar en liñas de axudas que posibiliten facer fronte os custos destas actuacións nas vivendas de promoción pública, e que levan permitido desde o 2016 intervir na mellora de máis de 6.000 fogares

A Xunta destinará un millón de euros ao fomento da rehabilitación de inmobles de vivenda de promoción pública (VPP) nunha nova quenda da convocatoria de axudas financiadas integramente con fondos autonómicos.

O Consello da Xunta tratou hoxe a próxima publicación da resolución desta nova convocatoria para a reparación, rehabilitación e/ou adaptación de vivenda pública, dirixida ás comunidades de propietarios ou agrupación de comunidades de inmobles promovidos polo Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS), con máis de dez anos de antigüidade e que se manteñan cualificados como VPP.

A Xunta reserva así 1 M€ a esta convocatoria, de carácter plurianual, que ten como obxectivo apoiar os esforzos que están a levar a cabo as comunidades destas vivendas públicas, para acometer as obras necesarias de adecuación aos requisitos de funcionalidade, seguridade, habitabilidade e accesibilidade destes edificios motivadas polo transcurso do tempo.

A contía da subvención poderá chegar ata o 60 % do orzamento das obras, cun importe máximo de 6.000 euros por vivenda.

Poden ser obxecto de subvencións obras para a supresión de barreiras arquitectónicas co obxectivo de mellorar a accesibilidade do inmovle -instalación de ascensores, ramplas ou dispositivos adaptados ás necesidades de persoas con discapacidade sensorial-.

Ademais, tamén poden recibir financiamento obras de adecuación funcional que proporcionen ao edificio unha mellora dos accesos aos servizos xerais de auga, gas, electricidade, telefonía, saneamento, etc.

O prazo de solicitude desta convocatoria de 2026 será de dous meses, contados desde o día seguinte á publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia* (DOG).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O Executivo autonómico segue fomentando a realización de obras que eviten o deterioro e as carencias nestes edificios, tendo como obxectivo favorecer o acceso aos colectivos con menos recursos á liñas de axudas que lles permitan facer fronte os custos destas actuacións, e que desde o 2016 levan permitido intervir na mellora de máis de 6.000 vivendas cun investimento de máis de 7,8 M€.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE REFORMA E AMPLIACIÓN DO HOSPITAL PÚBLICO DA MARIÑA, QUE SUPORÁN UN INVESTIMENTO DE 33,5 M€

- Tal e como informou o presidente do Executivo autonómico, Alfonso Rueda, con estas dúas novas fases ampliarase noutros 3.000 m² a superficie do hospital, co que o centro vai ter “un 50% máis de superficie da que tiña inicialmente cando foi construído”
- Reformaranse preto de 9.500 m², cun importante aumento do espazo nos servizos de Urgencias, o Punto de Atención Continuada e a Unidade de Coidados Intensivos, entre outras
- O proxecto prevé a construción dun novo edificio que albergará o salón de actos e unha área destinada á docencia na primeira planta, ademais da Unidade de Prevención de Riscos laborais, na planta baixa
- Tamén inclúe a reforma dos quirófanos de cirurxía maior ambulatoria, da unidade de pediatría, da UCI, das urxencias, da área de diagnóstico por imaxe ou dos espazos de medicina preventiva

O Consello da Xunta autorizou esta mañá, na súa xuntanza semanal, a licitación das fases 2 e 3 das obras de reforma e ampliación do Hospital Público da Mariña, que, tal e como destacou o presidente do Executivo autonómico, Alfonso Rueda, atende a 70.000 persoas. O Executivo galego prevé destinar un total de 33.565.265 euros para financiar esta actuación.

Segundo sinalou Rueda, con estas novas fases ampliarase noutros 3.000 m² a superficie do Hospital Público da Mariña. Sumando isto á primeira fase da ampliación, xa rematada e á que se destinaron 12,5 millóns de euros, o hospital de Burela contará “cun 50% máis de superficie da que tiña inicialmente cando foi construído”. Ademais, reformaranse preto de 9.500 m².

Así, o Goberno galego continúa a apostar pola mellora das infraestruturas hospitalarias e por optimizar os servizos sanitarios que presta aos pacientes que teñen como referencia este hospital comarcal.

As fases 2 e 3 do Plan director do Hospital da Mariña, que prevén a ampliación de espazos e a reforma dalgunhas zonas actuais, terán un prazo de execución de 36 meses, unha vez se adxudiquen as obras. A previsión é iniciar os traballos este mesmo ano.

Nova edificación e ampliación de espazos

As fases 2 e 3 do Hospital Público da Mariña que se van a acometer prevén a construción dun novo edificio de dous andares. Este, albergará na planta baixa a zona de mantemento e a Unidade de Prevención de Riscos Laborais e, na planta 1, acollerá o salón de actos e a área destinada á docencia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Reformas dos espazos existentes

Na planta baixa crearanse novos laboratorios, e reformarase a área de Anatomía Patolóxica e o Hospital de día polivalente. Así mesmo, procederase á mellora da área das consultas especializadas e das zonas de cafetaría, almacén e vestiarios.

No primeiro andar, acometerase a reforma e ampliación das áreas de Admisión, Urgencias e de Diagnóstico por Imaxe, a zona das consultas polivalentes e tamén os espazos destinados aos Coidados Paliativos, á Medicina Preventiva e á Área de Hospitalización a Domicilio (HADO).

En canto ao segundo andar, renovarase os quirófanos de Cirurxía Maior Ambulatoria, as Unidades de Recuperación Postanestésica (URPA) e os servizos de Pediatría e Coidados Intensivos.

O eido de reformas culmina no terceiro e cuarto andar do hospital, abordándose a mellora das salas destinadas aos médicos de garda, ás secretarías de servizo, así como os espazos que albergan as instalacións e os equipos de mantemento do centro sanitario.

Ademais, renóvanse todas as instalacións técnicas e os ascensores do edificio actual.

A culminación do Plan director do Hospital da Mariña, engadido ás obras de mellora enerxética do centro e a dotación de equipamento, suporá un investimento de 50 millóns de euros neste hospital comarcal.

Así, estas actuacións permitirán pasar dos 17.600 m² cos que contaba inicialmente o centro hospitalario ata os máis de 26.000 m² e, ademais, suporá a reforma de máis de 13.000 m².

Unha vez máis, a Xunta reforza a súa aposta pola mellora dos servizos e das infraestruturas sanitarias, mantendo o seu compromiso cun sistema público que sitúa a comunidade galega á vangarda das prestacións asistenciais.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA O CONTRATO DE XESTIÓN DA AXENCIA GALEGA DE COÑECEMENTO EN SAÚDE, QUE DESTINARÁ 19,4 M€ ATA 2029 AO FOMENTO DA INVESTIGACIÓN E DA FORMACIÓN ESPECIALIZADA NA SANIDADE PÚBLICA

- Establécense como metas asinar 60 contratos competitivos que permitan a captación ou o retorno de talento e impartir 30.000 horas de formación continuada
- A axencia encárgase da formación sanitaria especializada, que este curso presenta o maior número de prazas da súa historia, con 682, coa oferta do 100 % das prazas de medicina familiar e comunitaria e de pediatría
- Buscarase evidencia científica para sustentar as decisións do sistema público de saúde sobre a incorporación de novas tecnoloxías e novas prácticas clínicas
- Máis de 1.600 investigadores desenvolven a súa actividade científica nos hospitais e centros de atención primaria do Servizo Galego de Saúde

O Consello da Xunta aprobou hoxe o contrato plurianual de xestión da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde, ACIS, dotado con 19.436.711 euros no período 2026-2029, co obxectivo principal de fomentar a investigación, a innovación e a formación especializada na sanidade pública.

Este contrato establece os compromisos da axencia, adscrita á Consellería de Sanidade, que se estruturan en seis eixes: formación, docencia, investigación, innovación, avaliación e xestión.

En primeiro lugar, o eixe de formación ten o obxectivo de consolidar un modelo integral de xestión da formación continuada para garantir unha oferta formativa de excelencia aliñada coas necesidades do sistema sanitario.

Entre as metas marcadas está a planificación de 1.750 actividades formativas, desenvolver 30.000 horas lectivas e expedir 340.000 certificados de actividades de formación completadas. Estas iniciativas levaranse a cabo grazas ao deseño dun plan anual de formación adaptado ás necesidades detectadas e tamén especificamente formación en simulación médica avanzada.

Como eixe número dous, está a docencia, xa que a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde é a encargada da formación sanitaria especializada. Aspírase a formar máis de 2.000 médicos e outros especialistas sanitarios cada ano.

Para o curso en marcha 2025-2026, a Xunta, a través da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde, xa presentou a maior oferta de formación sanitaria especializada da súa historia coa convocatoria de 682 prazas de novo ingreso, cun investimento de 83,5 millóns de euros.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Atendendo ás necesidades da sanidade pública, no ámbito da atención primaria, o Goberno galego convocou o 100 % das prazas de medicina familiar e comunitaria, 207, e de pediatría, 27. Ademais, a Xunta tamén segue a incrementar a formación en saúde mental, con 19 prazas de psiquiatría, 2 de psiquiatría infantil, 16 de psicoloxía clínica e 21 de enfermaría especialista en saúde mental.

Aposta pola ciencia

Coa finalidade de impulsar unha ciencia de vangarda que responda aos retos de saúde, o terceiro eixe no que se centrará a axencia nos próximos anos abordará os retos en investigación. Entre outras accións, desenvolverase a carreira investigadora con itinerarios profesionais, dixitalizaranse os trámites de investigación, promoveranse convocatorias de premios e crearase a Oficina de transferencia de coñecemento, especializada na xestión de propiedade intelectual.

Traballarase para asinar 60 contratos competitivos de captación ou retorno de talento, despois de ter consolidado xa 33 investigadores, estabilizados como persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde.

A Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde desenvolve o seu labor nun marco de colaboración cos axentes de investigación sanitaria de Galicia, como as tres fundacións públicas radicadas na Coruña, Santiago de Compostela e Vigo.

Así, máis de 1.600 profesionais que levan a cabo tarefas de investigación de áreas de coñecemento moi diversas desenvolven a súa actividade científica nos hospitais e centros de atención primaria do Servizo Galego de Saúde ou Fundacións Públicas de Investigación Sanitaria e contan co apoio da axencia para avanzar nas súas liñas de investigación actuais e futuras.

Nesta liña, o cuarto eixe céntrase na innovación, co obxectivo de impulsar a cultura innovadora e a transferencia de resultados á práctica clínica.

Neste punto enmárcase a Rede de nodos de innovación sanitaria como mecanismo para canalizar as ideas dos profesionais sanitarios e tamén de pacientes, as súas persoas coidadoras e empresas, e demais entidades implicadas no sistema sanitario. Conta cun nodo por área sanitaria, ademais dun nodo central de coordinación.

A compra pública innovadora é outra das iniciativas da Xunta que, no ámbito sanitario, canaliza a través da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde. Unha das próximas licitacións previstas é o proxecto europeo Reheal, destinado a optimizar a reciclaxe, o reacondicionamento e a recuperación de subministracións médicas para reducir os dispositivos desbotables.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Como quinto eixe estratéxico está a avaliación, coa que se busca proporcionar a mellor evidencia científica dispoñible para sustentar as decisións do sistema público de saúde sobre a incorporación de tecnoloxías e novas prácticas clínicas.

Aspírase a realizar 24 informes de avaliación de tecnoloxías sanitarias, para estimar o valor de cada tecnoloxía á mellora da saúde individual e colectiva; e 24 informes preliminares de tecnoloxías emerxentes ao remate do período do contrato da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde.

Por último, o eixe 6 aborda a xestión para garantir a eficiencia e a sustentabilidade das operacións da propia axencia. As súas funcións principais serán o seguimento e control de fondos europeos de I+D+i ou a xestión da contratación administrativa e convenios.

A través do contrato plurianual de xestión aprobado hoxe posibilitase, coa máxima eficiencia e achegando valor, a xestión do coñecemento xerado no sistema público de saúde, desde a súa xeración ata a transferencia á sociedade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA EXIXE AO GOBERNO CENTRAL TRANSPARENCIA, MÁXIMA PARTICIPACIÓN E RIGOR LEXISLATIVO NO PROCESO DE MODIFICACIÓN DA LEI ESTATAL DE COSTAS

- A Administración autonómica rexeita a reforma do Regulamento Xeral de Costas que promove o Executivo central co pretexto de que é unha exigencia de Bruxelas pois estase a facer con escurantismo e limitando a posibilidade de que as comunidades, o sector afectado e o conxunto da cidadanía realicen aportacións
- O Goberno galego avoga por un proceso transparente e participativo que busque en todo momento o equilibrio entre os aspectos ambientais e socioeconómicos, na liña do que recolle a Lei galega de ordenación e xestión integrada do litoral
- Esta é a terceira vez que o Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico pretende modificar o regulamento pola porta de atrás, sen aportar a máis mínima información do que pretende facer, para restrinxir os usos da costa
- Galicia traballa para crear unha fronte común e presentar alegacións co fin de salvagardar os seus intereses e as actividades que se desenvolven na comunidade vencelladas co mar

A Xunta exige ao Goberno central transparencia, máxima participación e rigor lexislativo no proceso de modificación da lei estatal de costas e rexeita a reforma do Regulamento xeral de Costas que está a promover usando como pretexto que é unha exigencia de Bruxelas. A Administración autonómica cuestiona o escurantismo que envolve todo o proceso pois o Executivo central iniciou o pasado 4 de febreiro a consulta pública previa sen informar antes nin ás comunidades nin ao sector afectado e establecendo o prazo mínimo establecido por lei -que é de 15 días- para realizar aportacións.

O Consello analizou hoxe un informe sobre esta cuestión que avoga pola máxima transparencia, participación e busca en todo momento do equilibrio entre os aspectos medioambientais e os socioeconómicos na xestión da costa. De feito, a Xunta aposta por tomar como modelo a rigorosa tramitación que se fixo en Galicia coa Lei de ordenación e xestión integrada do litoral (Loxilga), que contou cunha gran participación do conxunto da sociedade galega e é todo un exemplo para outras comunidades que queren replicala adaptándoa ás necesidades dos seus territorios.

Nesta liña, o Executivo galego defende que a cidadanía ten moito que dicir na definición da normativa estatal para axustala á realidade actual e que debe ter en conta a tripla perspectiva ambiental, económica e social pois é compatible ter unha costa protexida coa xeración de postos de traballo de calidade.

A Xunta lamenta que se trata da terceira ocasión na que o Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico pretende modificar o Regulamento Xeral de Costas pola porta de atrás, dificultando o dereito do conxunto da sociedade a facer aportacións e sen ofrecer a máis mínima información sobre o que pretende facer, cun documento moi

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

xenérico que unicamente fai referencia á necesidade de modificar a normativa para cumprir coas exigencias de Europa.

Posibles restricións

A Administración autonómica defende a necesidade de actuar para frear posibles visións restritivas da costa como as pretendidas nos dous intentos anteriores de modificación do Regulamento Xeral de Costas. Neste sentido, o informe incide en que o Executivo central ten a pretensión de eliminar calquera vestixio de presenza humana no litoral antes de 2050 e que para iso tentou limitar as concesións das prórrogas en dominio público marítimo-terrestre (DPMT) a 30 anos -fronte aos 75 vixentes-, endurecer os requisitos para instalar un negocio no litoral e ampliar o DPMT -limitando a propiedade privada, económica e industrial- levando a liña de deslinde terra dentro.

Ante esta situación, a Xunta vai manter hoxe mesmo un encontro coa cadea mar-industria, concellos e outras entidades afectadas para crear unha fronte común e presentar alegacións co fin de salvagardar os seus intereses e as actividades que se desenvolven en Galicia vencelladas co mar. O obxectivo é enviar aportacións antes do vindeiro 19 de febreiro na demanda dun procedemento máis transparente, rigoroso, participativo e acorde cunha reforma deste tipo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA QUE A XUNTA APOIARÁ OS PROXECTOS DE I+G+I DE 138 EMPRESAS CON CASE 23 M€ GRAZAS AO NOVO PROGRAMA NEXOS

- Sinala que o Consello informa da resolución desta convocatoria que beneficiará a 37 iniciativas centradas en ámbitos estratéxicos froito da colaboración entre entidades
- Destaca que esta nova liña de subvencións, enmarcada no Plan galego de investigación e innovación 25-27, avala proxectos de desenvolvemento experimental, investigación industrial, innovación organizativa e innovación en materia de procesos

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe a próxima resolución do novo programa Nexos grazas ao que se subvencionarán 37 proxectos nos que están implicados 138 empresas co apoio de diversos centros de coñecemento en eidos considerados estratéxicos para Galicia. Cun orzamento de máis de 22,6 M€ para as anualidades 2026-2028, o Goberno galego agarda mobilizar un investimento total de 39,8 M€ e impulsar así a I+G+i “no eido empresarial”.

Tal e como detallou o presidente, os proxectos, financiados pola Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP, realizaranse por agrupacións de empresas constituídas por un máximo de seis pemes e un mínimo de tres. Por tipoloxía, 25 son de desenvolvemento experimental, 10 de investigación industrial e dous de innovación organizativa e innovación de procesos.

Rueda sinalou que todos estes proxectos encádranse nalgún dos ámbitos “que consideramos neste momento estratéxicos” polo Plan galego de investigación e innovación 25-27. En concreto, 11 versan sobre economía circular e enerxía, 10 sobre fabricación avanzada, nove sobre agroalimentación, catro sobre benestar e saúde e tres sobre outras áreas. Para a selección destes proxectos tamén se tivo en conta a capacidade das entidades beneficiarias para xerar rendibilidade no mercado e, en consecuencia, contribuír ao crecemento económico de Galicia.

Maior capacidade científico-técnica

Esta é unha das accións da Xunta para fortalecer a I+G+i, a ciencia e a innovación feitas en Galicia, mellorando así o potencial da Comunidade. De xeito particular, Nexos busca aumentar a capacidade científico-técnica do tecido empresarial, fomentar a cooperación público-privada a través de proxectos de I+D+i e facilitar a transferencia de tecnoloxía e a adopción de solucións avanzadas que permitan ás pequenas empresas liderar procesos de transformación dixital, avanzando cara á súa sustentabilidade e competitividade.

O orzamento subvencionable dos proxectos, que serán cofinanciados por fondos europeos no marco do programa Galicia Feder 2021-2027, oscilan entre os 1,5 M€ e os 500.000 €, con intensidades de axuda que van desde o 40 % ata o 60 %. Os beneficiarios poderán financiar custos directos (persoal, equipamento e materiais, subcontratacións e

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

adquisición de patentes, entre outros) e indirectos (gastos administrativos, de supervisión e control de calidade, subministracións, seguros, seguridade ou gastos de limpeza). A xustificación realizarase a través da metodoloxía de custos simplificados.

Activa I+G+i

Nexos enmárcase no programa Activa I+G+i , pensado para apoiar a colaboración entre empresas e a transferencia efectiva de resultados, ao que o Goberno galego destina máis de 40 M€ mediante catro grandes convocatorias: ademais de Nexos, tamén unidades mixtas de investigación, que se resolverán proximamente; fortalecemento de centros tecnolóxicos (6 M€), da que se informou no Consello da semana pasada, e recuperación da excelencia Neotec (1,6 M€), resolta en novembro.

A través destas axudas, a Consellería de Ciencia pon o foco nas pequenas empresas da Comunidade coa finalidade de potenciar unha I+G+i colaborativa que impulse a transferencia real de coñecemento, o que contribúe tanto a reforzar a competitividade desde o punto de vista económico como a mellorar o día a día da cidadanía.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA QUE RECURSOS DE GALICIA REBAIXARÁ ATA UN 80 % O CUSTO DA ELECTRICIDADE AOS 500 FOGARES MÁIS PRÓXIMOS AO SEU PRIMEIRO PARQUE EÓLICO

- Destaca que a sociedade formalizou a compra do parque eólico Mondigo, converténdose no seu primeiro activo de xeración eléctrica renovable en propiedade
- A instalación consta de “11 aeroxeradores que están situados nos concellos lucenses de Ribadeo e Trabada”, e a liña de evacuación transcorre por este último e polo municipio veciño de Barreiros
- Salientou que se trata do maior esforzo económico realizado ata a data nun parque eólico de Galicia co obxectivo de mellorar a calidade de vida nas vivendas situadas na contorna da instalación, concretamente a unha distancia de 1,8 quilómetros do parque
- Lorenzana destaca que a adquisición destas instalacións por parte de Recursos de Galicia permite que os beneficios asociados á súa explotación permanezan e sexan xestionados na comunidade

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, sinalou que o Consello do Goberno galego analizou hoxe un informe presentado por Recursos de Galicia (RDG) tras a formalización da compra do parque eólico de Mondigo por 75 millóns de euros, o primeiro en propiedade para esta sociedade. Dita adquisición, tal e como anunciou Rueda, fará que “os veciños que vivan nun radio de 1,8 quilómetros do parque vexan reducida a súa factura da luz nun 80%”, o que beneficiará ao redor de medio milleiro de familias.

Neste sentido, salientou que se trata do maior esforzo económico realizado ata a data nun parque eólico de Galicia co obxectivo de mellorar a calidade de vida da ~~veciñanza~~ dos veciños e veciñas a través de melloras económicas e sociais, recollidas nas medidas previstas na Lei 2/2024, do 7 de novembro, de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia. “Este é un dos principais obxectivos que buscaba a Lei de Recursos Naturais de Galicia, que os beneficios redunden na contorna”, apuntou.

A moderna instalación, cuxa produción anual estimada é de 131 GWh, consta de “11 muíños emprazados nos concellos de Ribadeo e Trabada”, sinalou o presidente da Xunta, e a liña de evacuación, de 4,9 quilómetros, transcorre por Trabada e Barreiros. Neste momento o parque xa está xerando enerxía de maneira regular.

Rueda destacou así a aposta do Goberno galego por impulsar as enerxías renovables cumprindo sempre todas as garantías medioambientais e con repercusión no territorio, ao mesmo tempo que lamentou o feito de que “se fai cada vez máis incomprensibles as oposicións como o recurso do Goberno central contra a repotenciación dos eólicos” promovida pola Xunta.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Beneficios para a cidadanía

Neste marco, a conselleira de Economía e Industria, María Jesús Lorenzana, reafirmou que o acordo responde á vontade de garantir que a posta en valor do recurso eólico teña unha tradución real e directa en beneficios para a veciñanza, “pasa a estar directamente ao servizo da cidadanía”, máis alá da propia xeración de enerxía renovable. Así mesmo, articula medidas concretas orientadas á redución do custo da electricidade nos fogares da contorna máis próxima ao fortalecemento económico do territorio, en coherencia cos principios recollidos na Lei 2/2024, do 7 de novembro, que promove unha maior repercusión social e económica das iniciativas que empregan este tipo de bens.

“Esta é unha medida concreta, inmediata e cuantificable a través do equilibrio, seguridade xurídica e retorno social”, asegurou a conselleira, ao tempo que incidiu en que o que se pretende tamén é “servir de exemplo para os operadores privados”.

A titularidade exclusiva de RDG permite unha xestión directa, flexible e orientada ao interese xeral, asegurando que os beneficios derivados da utilización do recurso natural poidan adaptarse ás necesidades do territorio ao longo da vida útil do parque. “A operación formalizouse tras un proceso competitivo de venda e a nivel internacional, algo que é relevante porque o parque queda en mans dun operador 100% galego e vai ter un retorno do 100% da enerxía producida a Galicia”, asegurou.

A adquisición destas instalacións por parte de Recursos de Galicia permite que os beneficios asociados á súa explotación permanezan e sexan xestionados na comunidade, reforzando a autonomía estratéxica da comunidade autónoma e aliñando a actividade enerxética cos obxectivos de interese xeral. “Aquí se fai toda unha declaración de principios: xerar riqueza en Galicia e que esa riqueza debe traducirse nunha mellor calidade de vida para os galegos e galegas”, insistiu.

Lorenzana avanzou que “nos próximos días porase a disposición unha web para que os cidadáns poidan facer as súas solicitudes” e, proximamente, porase en marcha un plan industrial que pretende abaratar tamén o prezo da enerxía a empresas da zona da contorna dese parque. Así mesmo, precisou que os descontos serán aplicados a través das empresas comercializadoras de electricidade –a de RDG será unha das compañías que os aplicará– que decidan colaborar co parque na xestión do programa.

Unha vez realizadas as comprobacións oportunas e confirmada a condición de beneficiario, os cidadáns comezarán a recibir o desconto directamente reflexado nas súas facturas eléctricas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA SIMPLIFICOU O ANO PASADO 47 PROCEDEMENTOS PARA ELIMINAR CARGAS BUROCRÁTICAS E FACILITAR Á CIDADANÍA A SÚA RELACIÓN COA ADMINISTRACIÓN

- A aposta do Goberno galego por unha Administración máis áxil e eficiente permite que 175.693 persoas se beneficien das novas simplificacións implantadas entre os anos 2025 e 2026, reducindo a presentación de 20.000 documentos de tramitación
- As medidas adoptadas facilitarán ás futuras nais, aos mozos que se emancipen, aos deportistas, aos usuarios do sistema sanitario e a outros colectivos a súa relación coa Administración, evitándolles trámites innecesarios ou repetitivos

A Xunta simplificou o ano pasado 47 procedementos para eliminar cargas burocráticas e facilitar á cidadanía a súa relación coa Administración. Así se recolle no informe presentado esta mañá polo conselleiro de Facenda e Administración Pública, Miguel Corgos, na reunión do Consello. Nel faise balance do proceso de racionalización e simplificación de procedementos levados a cabo no 2025, de cara a conseguir unha administración máis personalizada, áxil e próxima aos cidadáns.

Máis polo miúdo, o documento destaca que, dos 47 procedementos que se simplificaron, 11 fusionáronse noutros xa existentes e eliminouse a obriga de presentar 76 documentos. Ademais da simplificación de 12 procedementos dirixidos a empresas e persoas traballadoras da Administración autonómica.

Así, as medidas adoptadas facilitarán, por exemplo, trámites aos deportistas, ao eliminarse seis anexos da documentación que tiñan que presentar.

Outros colectivos, como as futuras nais, os mozos que se emancipen ou os usuarios do sistema sanitario veranse beneficiados de accións como unha redacción máis sinxela das normas, a implantación de procesos de automatización e ferramentas de xestión ou a actualización do resumo explicativo dos procedementos dispoñible na sede electrónica.

Segundo precisa o informe, a aposta do Goberno galego por unha Administración máis áxil e eficiente permite que 175.693 persoas pidan beneficiarse das novas simplificacións implantadas entre os anos 2025 e 2026, reducindo a presentación de 20.000 documentos de tramitación.

Ademais da simplificación, aplicáronse tamén outras melloras de xestión que implican non só a eliminación de cargas, senón tamén a implantación doutro tipo de melloras para a cidadanía, que redundarán na redución de prazos de resolución. Así, melloráronse os formularios para que aos viticultores titulares dunha explotación lles sexa máis doado inscribirse ou actualizar os seus datos no Rexistro Vitícola de Galicia, e a información do Bono Emancípate dispoñible na sede electrónica fíxose máis sinxela.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Para a detección de novas necesidades no eido da simplificación, o informe constata que neste 2026 a Xunta contará novamente coa participación da cidadanía, a través do Portal de transparencia e goberno aberto, ampliará a participación externa coa Confederación de Empresarios de Galicia e con outras entidades representantes de intereses sectoriais, ademais da colaboración directa con todas as consellerías. Todo isto, co obxectivo de rematar no 2027 os traballos de análise e implantación das propostas resultantes e concretar as conclusións do proceso.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA OFRECE 3.000 CURSOS ONLINE ANUAIS A TRAVÉS DA SÚA PLATAFORMA DE TELEFORMACIÓN CORPORATIVA

- Dá soporte a 18 áreas distintas da Administración autonómica e beneficia a máis 35.500 persoas, entre cidadanía e persoal empregado público
- É unha ferramenta clave para garantir unha formación flexible, accesible e de calidade no contexto actual
- O obxectivo é seguir ampliando o seu uso e incorporar novas solucións que melloren a experiencia de aprendizaxe e faciliten recomendacións personalizadas

A Xunta de Galicia conta cunha plataforma corporativa de teleformación, xestionada pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), que dá soporte a 18 áreas formativas, orientadas tanto á cidadanía como ao persoal empregado público. Só no último ano esta canle dixital de aprendizaxe permitiu ofertar arredor de 3.000 cursos dos que se beneficiaron máis de 35.500 persoas, consolidándose como unha das principais ferramentas de capacitación e actualización de coñecementos da Administración autonómica.

A plataforma, denominada PLAFOR, púxose en marcha no ano 2017 e foi experimentando un crecemento progresivo que viviu un punto de inflexión coa pandemia da COVID-19, momento no que a demanda de formación en liña se incrementou de maneira significativa. Entre 2020 e 2022, o número de persoas usuarias da plataforma pasou das 2.600 ás máis de 27.800, unha cifra que continuou medrando ata superar os 35.500 usuarios actuais. Tamén o número de cursos creceu exponencialmente tras a pandemia, dos máis de 500 ofrecidos en 2020 pasouse a máis de 1.100 en 2021, e a oferta continuou incrementándose ata rozar os 3.000 nos dous últimos anos.

Na actualidade, a plataforma cobre 18 ámbitos formativos distintos, entre os que se atopan: seguridade pública, emprego, competencias dixitais, consumo, cultura, lingua galega, medio rural, mar, política social, turismo, voluntariado ou xustiza. Esta diversidade permite atender necesidades moi diferentes, adaptando os contidos e os formatos ás características de cada colectivo e sector.

Desde a súa posta en funcionamento, PLAFOR emitiu máis de 32.600 certificacións emitidas de maneira automatizada e máis de 20.600 sesións de videoconferencia, integradas cos sistemas corporativos da Xunta. Estes datos reflicten non só o uso intensivo da plataforma, senón tamén a súa capacidade para dar resposta a procesos formativos complexos, masivos e con garantías de calidade, seguridade e rastrexabilidade.

PLAFOR baséase en software libre (Moodle) e ofrece unha contorna flexible, segura, accesible e personalizable. Permite a integración con sistemas de videoconferencia, a emisión automática de certificados asinados electronicamente, a realización de probas

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

en liña con mecanismos de supervisión e o cumprimento estrito da normativa en materia de accesibilidade, protección de datos e seguridade da información.

O obxectivo é seguir ampliando o uso da plataforma a aqueles departamentos e áreas que o precisen, reforzar o seu carácter transversal como solución común para toda a organización e avanzar cara a unha teleformación máis intelixente. Entre as liñas de evolución previstas está a incorporación progresiva da intelixencia artificial para mellorar a experiencia de aprendizaxe mediante con recomendacións personalizadas, facilitar o apoio á titorización e a análise avanzada dos procesos formativos. consolidando así a formación dixital como un motor clave da modernización administrativa e da inclusión dixital en Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ELEVA A INFORMACIÓN PÚBLICA O PROXECTO DUNHA SENDA PEONIL E CICLISTA NA ESTRADA AC-550 EN OUTES, QUE SUPORÁ UN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 1,3 M€

- Trátase de impulsar un itinerario de 2,3 quilómetros de lonxitude co obxectivo de facilitar o tránsito camiñando ou en bicicleta, entre o núcleo rural de Viro e o centro urbano da Serra de Outes, comunicando as beirarrúas existentes nos extremos
- O obxectivo é aprobar o proxecto no primeiro semestre deste mesmo ano, para poder realizar a convocatoria das expropiacións no segundo trimestre, e licitar posteriormente as obras para a súa execución
- O Goberno galego aposta polo Plan de Sendas, tras ter executado 300 km de itinerarios peonís e ciclistas nas marxes das vías da Xunta e facilitar unha mobilidade sustentable e segura, e avanza na 2ª fase deste plan para estender esta rede outros 120 km

O Consello da Xunta acordou hoxe elevar a información pública o proxecto da nova senda peonil e ciclista na estrada autonómica AC-550, ao seu paso polo concello de Outes, que será licitada por un investimento de algo máis de 1,3 M€.

Trátase de executar un itinerario de uso compartido de preto de 2,3 quilómetros de lonxitude, no treito desta vía autonómica comprendido entre os puntos quilométricos 62+120 a 64+410, que facilite o tránsito camiñando ou en bicicleta, mellorando así a seguridade e a mobilidade na vía autonómica no seu percorrido polo municipio coruñés.

A intervención proposta pola Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas e aprobada provisionalmente polo departamento de Infraestruturas da Xunta ten así como obxectivo posibilitar o enlace a pé ou en bicicleta e con seguridade, entre o núcleo rural de Viro (núcleo moi disperso, caracterizado pola alternancia de parcelas axardinadas ou cultivadas e vivendas unifamiliares); e o núcleo urbano da Serra de Outes, comunicando as beirarrúas existentes nos extremos.

A senda deseñarase segundo os criterios do Plan de Sendas de Galicia, cun ancho de 2,5 metros de modo que se aseguren as condicións de accesibilidade, e con pavimento en cor.

As actuacións contempladas no proxecto aprobado hoxe de xeito provisional enmarcase na segunda fase do Plan de Sendas de Galicia, que contarán con financiamento europeo a través do programa operativo Feder 21/27.

Tramitación

A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas someterá o proxecto a información pública, a efectos da Lei 8/2013, de estradas de Galicia e a efectos expropiatorios, por un prazo dun mes. Para executar as obras será necesaria a

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

expropiación de 98 predios, no concello de Outes. O prazo de execución das obras é de 12 meses.

A previsión do departamento de Infraestruturas da Xunta é poder aprobar o proxecto de trazado no primeiro semestre do presente ano, para poder realizar a convocatoria de levantamento de actas previas das expropiacións no segundo trimestre, e licitar as obras para a súa execución posteriormente.


O Goberno galego segue a darlle continuidade ao Plan de sendas de Galicia levado a cabo en fases precedentes, que permitiu acometer preto de 300 quilómetros de novas sendas e beirarrúas cun investimento de case 144 M€, e distinguido nos premios europeos á excelencia na seguridade viaria.

Con este novo proxecto a Xunta continúa avanzando no desenvolvemento da segunda fase deste plan, para estender esta rede noutros 120 km.

Planos da zona de actuación e da traza do proxecto que se someterá a información pública:

INFORMACIÓN AOS MEDIOS





INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA ADQUIRIU 80 VIVENDAS, QUE SE DESTINARÁN AO ALUGUEIRO, POR MÁIS DE 5,25 M€

- Outras sete vivendas están so pendentes de sinatura de escrituras, cun investimento de máis de 414.000 euros
- A meirande parte son vivendas de promoción pública que foron adxudicadas en compravenda que os seus propietarios desexaban vender. Ademais, adquiríronse 22 vivendas propiedade de Sareb
- Todas as vivendas adquiridas cualificaronse como de promoción pública con cualificación indefinida e serán destinadas ao alugueiro

A Xunta de Galicia incrementou o parque público propiedade do IGVS con 80 vivendas adquiridas a particulares e Sareb, por un importe de 5.253.531,83 euros, segundo informou ao Consello da Xunta a conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, María M. Allegue. Está prevista a adquisición de sete mais, por importe de 414.198 euros.

A meirande parte das vivendas adquiridas foron construídas polo propio Instituto Galego da Vivenda e Solo e adxudicadas en réxime de compravenda. Pasado o tempo, os adxudicatarios manifestaron o seu interese en vendelas e foron adquiridas polo IGVS aos prezos marcados pola normativa.

En total foron 58 vivendas de promoción pública as xa adquiridas polo IGVS, das que 3 están na provincia da Coruña, 41 na de Lugo, 11 na de Ourense e 3 na de Pontevedra. O investimento realizado na adquisición foi de 3.204.110,1 euros.

Están pendentes de asinar as escrituras de compra doutras sete vivendas que se acordou mercar en 2025, por importe de 414.198 euros.

Por outra parte, o IGVS tamén mercou 22 vivendas da Sareb, por importe de 2.049.421,73, emprazadas na Coruña, Cee, Lugo e Sarria. A Xunta manifestou repetidas veces o interese de mercar máis vivendas, pero a resposta da Sareb foi que a comercialización estaba bloqueada para a transmisión das vivendas a Sepes.

Todas as vivendas adquiridas foron cualificadas como de promoción pública con cualificación permanente e serán adxudicadas en réxime de alugueiro a través do Rexistro de Demandantes de Galicia. Un total de 41 destas vivendas xa foron entregadas aos seus adxudicatarios ou están en proceso de adxudicación, mentres 39 están en proceso de reparación ou pendentes de que se realicen obras de adecuación das mesmas.

A Xunta de Galicia prevé seguir adquirindo as vivendas de promoción pública que os actuais propietarios ofrezan en venda e se atopen en zonas con demanda acreditada de vivenda.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS CUMPRE 30 ANOS COMO PARADIGMA DA EXHIBICIÓN PROFESIONAL DAS ARTES ESCÉNICAS EN GALICIA

- O informe elevado ao Consello da Xunta reflicte o impacto positivo deste circuío de espectáculos na calidade da xestión dos espazos culturais galegos e na mellora de dotacións e infraestruturas
- Nas tres décadas de historia pasouse de nove membros iniciais ás 43 localidades das catro provincias que están adheridas actualmente
- Neste primeiro semestre do ano a rede contará cun orzamento total de 1,29M€ para programar no primeiro semestre máis de 300 funcións en 42 municipios

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude elevou hoxe ao Consello da Xunta o informe da actividades e liñas de actuación da Rede galega de teatros e auditorios, que chega neste 2026 ao seu 30º aniversario como principal circuío de distribución de espectáculos de carácter profesional do país. Ao longo das súas tres décadas de funcionamento, este programa avanzou na xestión especializada dos escenarios galegos, ademais de contribuír, a través das súas normativas de adhesión, á mellora das dotacións técnicas e das infraestruturas dos espazos culturais.

Así, dos nove membros fundacionais cos que a Rede iniciou o seu funcionamento, chegouse ata os 46 escenarios actuais radicados en 43 concellos das catro provincias, que ofrecen hoxe en día de xeito normalizado artes escénicas e musicais, maioritariamente de produción galega. A súa primeira carteleira, desenvolvida nos últimos meses de 1996 e integrada por 11 compañías, foi o punto de partida dun crecemento rápido que incorporou axiña outros 30 concellos e consolidou o modelo xa nos seus primeiros anos de implantación. Hoxe en día constitúe un mercado determinante para a contratación e a exhibición estable das propostas producidas en Galicia e é unha plataforma preferente para as estreas de cada temporada. Os municipios nos que opera a Rede na actualidade suman un total de 1.611.425 habitantes, o que supón arredor do 60 % da poboación galega.

Financiamento e público á alza

A actividade da Rede galega de teatros e auditorios cofinánciase anualmente entre o Goberno galego e as entidades locais adheridas a través de convenios de colaboración, con achegas que ata 2025 foron de entre 13.000 e 62.000 euros por espazo, e que para 2026 eleva a contía mínima a 15.000 euros para os concellos de ata 12.000 habitantes.

O documento presentado hoxe na reunión do Consello recolle o incremento nos últimos anos do investimento executado neste circuío a través da Axencia Galega das Industrias Culturais, que medrou un 27,22 % entre 2019 e 2024 e que pechou 2025 destinando un orzamento de 994.190,63 euros. Para a programación deste primeiro semestre de 2026,

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

conta coa suma de 1,29 M€ procedentes da Xunta e dos concellos, o que supón un 5,6 % máis que no mesmo período de 2025.

Tamén aumentou nese mesmo período o número total de espectadores, que pasou de 80.398 a 100.858 espectadores, o que supón un aumento do 25,45 %.

Xestión coordinada e mellores infraestruturas

Ao longo dos seus 30 anos de funcionamento, a Rede galega de teatros e auditorios puxo tamén a disposición dos concellos accións e ferramentas que favoreceron maiores estándares de calidade na xestión e a oferta de espectáculos, así como a relación entre artistas e responsables de programación. É o caso da plataforma galescena.gal, creada especificamente para darlle soporte tecnolóxico á oferta cultural e dotar de maior eficiencia a contratación de espectáculos. Tamén destaca a súa conexión con outras accións da Xunta que redundan na dinamización económica do sector, como a feira Galicia Escena PRO, así como o seu papel na relación con circuitos doutras comunidades autónomas ou no debate colectivo sobre boas prácticas e mediación cultural.

No que atinxe ás dotacións de infraestruturas, e despois dos investimentos realizados en melloras dos espazos financiados nos últimos anos con fondos europeos, durante o último trimestre de 2025 se levou a cabo no marco da Rede unha auditoría técnica impulsada pola Xunta. O obxectivo é continuar progresando nas dotacións técnicas e condicións dos espazos, tendo en conta sobre todo a aplicación de medidas de accesibilidade, en liña coa Lei 3/2024, do 5 de decembro, de Cultura inclusiva e accesible de Galicia. A finalidade destas e outras accións é favorecer a experiencia dos espectáculos ao vivo tanto para os artistas que os executan como para o público que os recibe.

Actividade en 2026

A actividade da Rede galega de teatros e auditorios arrancou o pasado 15 de xaneiro para compoñer un primeiro semestre de programación durante o que ofrecerán 307 funcións en 42 localidades a cargo de 102 compañías escénicas e grupos musicais.

Destacan neste calendario cinco estreos da temporada escénica galega (*Ningún tira fotos nos enterros*, de Carlota e Compañía; *A historia vaxenial*, de Artyc Content; *BenQuerer*, de Fran Sieira xunto ao dúo musical Caamaño&Ameixeiras; *Bio Construción*, de Ibuprofeno Teatro, e *Riazor Ostia*, de Os Náufragos), unha maior presenza da música en directo, que protagoniza 23 das actuacións, e a incorporación de Outes (A Coruña) como novo concello adherido. O teatro segue centralizando a meirande parte desta axenda cultural, con 236 funcións ata xuño. A programación deste semestre complétase con 29 actuacións de danza, as devanditas 23 de música, 12 de circo e 7 de maxia.

Xunto con estas compañías, a proposta de artes escénicas ofrece unha ampla escolma de formacións con presenza recorrente no circuito, combinando espectáculos de creación contemporánea, de repertorio e propostas familiares, producidos na súa meirande parte co apoio da Xunta a través da convocatoria anual de subvencións á

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

creación escénica. Entre as formacións con maior circulación figuran Malasombra con títulos como *O Proceso*, *Testosterona* ou *Bernarda*; Producións Teatrais Excéntricas con *As desterradas*, *Monstros* e *Mofa e Befa: Os Dous de Sempre*; Talía Teatro con *Un Deus Salvaxe* e *Voa, Voa!*, ademais da estrea de *Artur Ui, O Ovo da Serpe*; e Ibuprofeno Teatro con *Reconversión* e *Bio Construción*. En canto ao parágrafo musical, Unto Vello, Os Carunchos, Terrae, Lembra Xabarán, De Vacas, Habana Café Son ou Xisco Feijoo son algunhas das propostas artísticas para os vindeiros meses.

Ademais da carteleira artística, a Rede galega de teatros e auditorios está a traballar xa nun proceso participativo para adaptar a súa normativa ás novas realidades culturais e organizativas. Outros dos seus obxectivos a curto prazo son a incorporación de novos escenarios, sobre todo nas provincias de Lugo e Ourense.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA IMPULSARÁ A INCORPORACIÓN DE MÁIS DE 340 PERSOAS COMO SOCIAS NUNHAS 160 COOPERATIVAS E SOCIEDADES LABORAIS CUN INVESTIMENTO INICIAL DE 5 M€

- O Consello do Goberno analizou a convocatoria de 2026 das axudas Apról Economía Social, destinadas a promover o emprego, o emprendemento e a competitividade nestas entidades da economía social e que publicará este mércores o DOG
- As contías de axuda soben se as beneficiarias finais son mulleres, persoas con discapacidade, maiores de 45 anos ou emigrantes retornadas, así como no caso de concellos rurais, cooperativas xuvenís ou de nova creación con catro socios ou máis
- Entre os anos 2017 e 2025, a través desta orde, a Xunta apoiou con case 38 M€ a incorporación de preto de 7.000 persoas socias a cooperativas e sociedades laborais
- A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración orzamentou para 2026 case 45 M€ para o sector da economía social, eido no que ademais este ano verá a luz a nova Lei de cooperativas, co fin de alentar a creación de novas iniciativas en sectores clave

O Consello da Xunta analizou hoxe a convocatoria de apoios de 2026 do programa Apról Economía Social, dotada cun crédito inicial de 5 M€ e que publicará este mércores o *Diario Oficial de Galicia*. Con esta iniciativa, o Goberno galego busca promover o emprego e o emprendemento nas cooperativas e sociedades laborais ao tempo que contribúe a fixar poboación no rural. Deste xeito, coa convocatoria deste ano prevé, cunha estimación inicial, impulsar a incorporación de máis de 340 persoas como socias nunhas 160 cooperativas e sociedades laborais.

O programa conta con dúas liñas compatibles entre si. A primeira con axudas directas a cooperativas e sociedades laborais para que incorporen como socias, dun xeito prioritario, persoas desempregadas; e a segunda está dirixida ás persoas que entren como socias a unha destas entidades cun contrato indefinido ou tras iniciar a súa actividade por conta propia. Neste último caso, os apoios son compatibles co resto de liñas de impulso ao emprendemento da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

A contía básica da axuda en cada liña é de 6.000 euros. A finalidade desta iniciativa é facilitar a achega das persoas socias ao capital social e reforzar o emprendemento no eido da economía social, sempre que estivesen previamente desempregadas, fosen socias a proba nas entidades ás que se incorporan, estivesen asalariadas nelas ou noutras empresas que logo se transforman en cooperativa ou sociedade laboral. Tamén poderán ser beneficiarias as persoas que, sendo desempregadas e inscritas como demandantes de emprego, emprendan unha actividade por conta propia e se incorporen nunha cooperativa como socias en réxime de exclusividade.

Casos nos que sobe a axuda e prazo de solicitudes

En ambas as liñas, haberá incrementos da axuda acumulables entre si do 25 % se as beneficiarias finais son mulleres, persoas con discapacidade, maiores de 45 anos,

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

emigrantes retornadas ou trans. Tamén se as entidades teñen a sede en contornas rurais, se son cooperativas xuvenís ou de nova creación que contén con catro ou máis socios. Neste sentido, de aplicarse todos estes incentivos en ambos os casos, a axuda máxima por persoa podería chegar aos 19.500 euros.

As entidades e persoas interesadas en acceder a estas achegas, poderán consultar os requisitos na orde que publicará este mércores o DOG e o prazo de presentación de solicitudes abrirá o 2 de marzo e prolongarase ata o 16 de setembro de 2026.

Cómpre engadir que entre os anos 2017 e 2025, a Xunta apoiou a incorporación de preto de 7.000 persoas socias a cooperativas e sociedades laborais cun investimento de preto de 38 M€ contribuíndo ao reforzo da economía social.

Aposta pola economía social

A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración orzamentou en 2026 para economía social case 45 M€. Neste eido, impúlsanse outras convocatorias como o Bono Consolida –2,73 M€ e con prazo de solicitudes aberto ata o 10 de abril–, os apoios destinados aos centros especiais de emprego e empresas de inserción e outras para promover a creación de consolidación de empresas e emprego na economía social, así como para fomentar e visibilizar a economía social, entre elas as destinadas ás entidades da Rede Eusumo. A maiores, neste eido está aberto ata o 30 de abril o prazo de participación no certame de Cooperativismo no Ensino e nos Premios á Cooperación. Todo isto enmárcase na Estratexia galega da economía social: horizonte 2027. Ademais, este ano verá a luz a nova Lei de cooperativas, co obxectivo de alentar a creación de novas iniciativas en sectores clave para o territorio.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ABRE ESTA SEMANA O PRAZO PARA SOLICITAR AS AXUDAS DA PAC 2026 QUE BENEFICIARÁN ARREDOR DE 23.000 PRODUTORES

- Prevese que a campaña deste ano supoña para o agro galego unha achega total de preto de 220 millóns de euros, semellante ás anteriores dentro do Plan Estratéxico da PAC (Pepac) 2023-2027
- A orde que se publicará no DOG, a denominada solicitude única, está dotada con 37 millóns de euros de fondos Feader, aos que cómpre sumar as achegas do Feaga, non cuantificadas na convocatoria pero que se estiman nuns 180 millóns de euros de axudas directas
- De cara á futura PAC, a partir do 2028, a Xunta acadou unha postura de consenso con todas as organizacións profesionais agrarias -que está previsto que ratifique o Consello Agrario esta semana- para rexeitar recortes e defender unha política forte, ben dotada de orzamento e diferenciada

A Xunta publicará este venres, día 20 de febreiro, no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) a orde anual de convocatoria das axudas da PAC, coa que se prevé beneficiar uns 23.000 agricultores e gandeiros na nosa comunidade. Desde o día seguinte á publicación, as entidades colaboradoras conveniadas co Fondo Galego de Garantía Agraria (Fogga) poderán empezar a gravar e presentar as solicitudes, cun prazo que permanecerá aberto ata o vindeiro día 30 de abril de 2026.

As axudas da PAC contan con dúas vías de financiamento: o Fondo Europeo Agrícola de Garantía (Feaga) e o Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader). Sumando ambas aportacións, a previsión é que a campaña de 2026 supoña para o agro galego unha achega total de preto de 220 millóns de euros, semellante ás anteriores dentro do Plan Estratéxico da PAC (Pepac) 2023-2027.

Neste caso, a orde que se publicará no DOG, a denominada solicitude única, está dotada con 37 millóns de euros de fondos Feader na anualidade 2026, á marxe das axudas de xestión extraorxamentaria (Feaga), non cuantificadas na convocatoria pero que se estiman nuns 180 millóns de euros de axudas directas, unha estimación en base aos pagos realizados na campaña anterior.

Polo tanto, a maior parte do financiamento corresponde a fondos Feaga, que teñen unha xestión extraorxamentaria. É dicir, non se convocan mediante unha orde específica nin teñen un orzamento definido, senón que a súa contía dependerá das solicitudes que finalmente se rexistren no conxunto de España, dado que se produce un rateo dos fondos nacionais entre as solicitudes que cumpran os requisitos.

En relación coa campaña de 2025, que aínda non está finalizada, Galicia pagou xa preto de 170 millóns de euros aos produtores galegos e queda só pendente de aboar o 10 % das axudas directas e as agroambientais, para o cal hai marxe ata finais de xuño. A

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

última campaña rematada é a de 2024, que contou cun orzamento total de preto de 217 millóns de euros.

Axudas esenciais para o agro

Cómpre lembrar que as axudas da PAC son esenciais para o mantemento da actividade agrícola e gandeira, a rendibilidade económica das explotacións e o mantemento de poboación no medio rural. O obxectivo final destas achegas é manter o sector agrícola europeo, de xeito que se compensa ás persoas que traballan no agro polos servizos ambientais que proporcionan, a calidade das súas producións e as esixencias legislativas de máximo nivel impostas pola Unión Europea a prol da sustentabilidade.

Neste contexto, en relación coa PAC a partir do 2028, o Executivo autonómico leva moitos meses traballando nunha postura común desde Galicia, en colaboración con todas as organizacións profesionais agrarias. Este labor plasouse nun documento de consenso, que se someterá á aprobación do pleno do Consello Agrario o vindeiro venres, día 20, e que despois se remitirá ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

Neste acordo reitérase o rexeitamento de Galicia á proposta da Comisión para a futura PAC, xa que supón un recorte de fondos para os vindeiros anos de máis dun 22 % e porque non blindará a actual arquitectura, con dous piares diferenciados (axudas directas e desenvolvemento rural), que ten demostrado o seu éxito. Así mesmo, tamén se ten solicitado unha redución da carga burocrática.

A Xunta e o sector galego amosaron en repetidas ocasións esta postura, e o Goberno galego asume a tarefa de seguir defendendo tanto nas instancias europeas como diante do Goberno central os intereses dos agricultores e gandeiros da nosa comunidade, por considerar que o mantemento dunha PAC forte, ben dotada de orzamento e diferenciada é a mellor garantía de sustentabilidade para o agro galego.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A AIXOLA CONSOLÍDASE COMO CENTRO REFERENTE NA CAPACITACIÓN PROFESIONAL DOS OFICIOS DO MAR, ACADANDO CIFRAS RÉCORD DE PARTICIPACIÓN E DE INSERCIÓN LABORAL

- Nos últimos cinco anos, o 75 % dos participantes manifestou que os cursos lles permitiu estar traballando nese momento ou nalgún período despois da formación
- No 2026, o centro impartirá 12 ensinanzas técnicas cun total de 168 prazas e 3.293 horas de formación, que se suman ás 173 accións desenvolvidas desde 2004, cando pasou a estar xestionado polo Cetmar
- Co fin de seguir reforzando o seu papel no desenvolvemento económico e profesional do sector, a Xunta, con 418.000 €, duplica neste exercicio o investimento que viña destinando ao seu funcionamento

O Centro de Formación A Aixola, dependente da Consellería do Mar e xestionado polo Centro Tecnolóxico do Mar (Cetmar), continúa coa programación formativa para este ano, consolidando os máis de 25 anos de experiencia na ensinanza especializada para o sector marítimo-pesqueiro de Galicia. Unha traxectoria na que alcanzou cifras récord de participación e de inserción laboral, tal e como reflicte o informe do que deu conta hoxe o Consello da Xunta.

O documento revela que nos últimos cinco anos, o 75 % dos participantes manifestou que a realización dos cursos que ofrece este centro lles permitiu estar traballando nese momento ou nalgún período despois da formación. Asemade, das persoas ocupadas, o 37 % indicou que o emprego estaba relacionado coa ensinanza e un 38 % que o posto de traballo acadado é no sector marítimo-pesqueiro.

O proxecto académico de A Aixola combina capacitación técnica en áreas como redes de pesca, carpintería naval en madeira, electricidade, hidráulica e mecánica naval, xunto a competencias máis transversais relacionadas coa prevención de riscos laborais, a igualdade ou a sustentabilidade. Un enfoque de traballo que reforza o tecido social da contorna, a través de múltiples colaboracións articuladas con outras administracións e organismos, tanto para a selección de proxectos de traballo en taller, como a captación de usuarios, a orientación das accións formativas ás necesidades reais das empresas ou a realización de prácticas. Tamén incide na inclusión social, apoiando a integración de colectivos en risco de exclusión e fomentando a igualdade de xénero nas actividades con maior segregación.

Para elo, e co fin de que neste 2026 siga sendo unha proposta integral de formación técnica, empregabilidade e sustentabilidade ao servizo do sector marítimo pesqueiro, a Xunta duplica neste exercicio o investimento que viña destinando ao seu funcionamento. En total, preto de 418.000 euros, enmarcados no Fondo Europeo Marítimo de Pesca e de Acuicultura (Fempa).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Programación 2026

Neste ano, A Aixola, situada no porto de Marín, impartirá 12 accións formativas técnicas, con 3.293 horas lectivas e 168 prazas, que se suman aos 173 cursos desenvolvidos desde o 2024 cando pasou a estar xestionado polo Cetmar.

Nestes momentos xa deron comezo catro, que son as seguintes: reparación de embarcacións pneumática, laminado manual en poliéster para pezas de uso en acuicultura e en construción naval, electricidade e hidráulica básicas aplicadas ao buque, confección e mantemento de artes e aparellos, e operacións auxiliares de restauración en embarcacións de madeira. En marzo iniciárase a de operacións auxiliares polivalentes en instalacións náuticas e varadoiros e, no segundo semestre, as restantes: operacións auxiliares de acondicionamento interior en tapicería e madeira, operacións auxiliares de arboladura en mástiles e velas, operacións básicas de infusión e baleiro en composites, procesos básicos de plásticos técnicos aplicados ao sector mariño, actividades auxiliares en diagnose e posta a punto de fora borda en motores de menos de 30 CV, e a de indución á carpintería náutica con control numérico.

Esta ampla programación formará a perfís técnicos cualificados, desde a innovación tecnolóxica, a mellora da seguridade laboral, a aposta pola sustentabilidade ambiental e a economía circular, a conservación do patrimonio marítimo e a diversificación profesional.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA PON EN VALOR O TRABALLO DO CONSELLO GALEGO DE PESCA PARA PROPOÑER ALTERNATIVAS AO MAL RESULTADO DO ACORDO DOS TAC E COTAS PARA 2026

- O órgano consultivo aprobara, por unanimidade, un ditame que foi remitido ao Ministerio no que se pide que se teña en conta a realidade das pesqueiras e as especies con especial incidencia na comunidade
Recolle as demandas do sector para as especies máis afectadas, coma a xarda, que aínda non conta cun acordo definitivo
- A Xunta insiste en que se trata dun pacto inxusto e desproporcionado para a frota galega, xa que, de concretarse, suporá perdas millonarias, tal e como cuantifica o ditame

A Xunta pon en valor o traballo realizado polo Consello Galego de Pesca para acordar e propoñer alternativas coas que paliar o mal resultado do acordo dos TAC e cotas ao que chegaron os ministros de pesca da Unión Europea na súa reunión de decembro en Bruxelas e que tanto prexudica a frota galega. As propostas foron recollidas no ditame que aprobou, por unanimidade, este órgano consultivo, no pleno celebrado o mes pasado. O Consello da Xunta deu conta deste documento, que tamén foi enviado pola Consellería do Mar ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación o 21 de xaneiro, tan só un día despois de ser ratificado polos integrantes deste comité, no que está representado todo o sector marítimo-pesqueiro da comunidade.

A través do mesmo, o Consello Galego de Pesca amosa a súa fonda preocupación polo resultado desas negociacións, que aínda non son definitivas no relativo a unha pesqueira tan importante para Galicia como a xarda, na que aínda se procura aumentar as posibilidades de pesca. Neste senso, o órgano consultivo pide un reparto axustado á realidade actual das pesqueiras e acorde ás especies que son obxecto de especial preocupación para a comunidade, como son a xarda, o lirio e abadexo.

Especies máis afectadas

Entre as propostas que recolle o documento, para a xarda pídese un tope definitivo que non sexa tan prexudicial como a redución negociada en decembro. Asemade, solicítase que se admita unha flexibilidade interanual superior ao 10 %, precisamente pola situación excepcional da pesqueira en relación coas afectacións socioeconómicas. E é que a redución do TAC podería ter un impacto económico directo de entre 26,5 e 28,4 millóns de euros e un directo e indirecto de entre os 37,1 e 39,7 millóns, xunto coa conseguinte perda de mercado ao non poder abastecer os clientes habituais.

Para o lirio as propostas irían na mesma liña que para a especie anterior. Neste caso, a repercusión sobre o conxunto do sector produtor implicaría unha redución da actividade que oscilaría entre os 5,4 e os 11,3 millóns de euros. Ademais, como no caso da xarda, da perda dos mercados tradicionais que serán substituídos pola entrada de produtos procedentes doutros países.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

No que se refire ao abadexo, o ditame recolle dúas peticións moi concretas: manter a cota de 1.369 toneladas asignadas nos anos 2022 e 2023 e establecer para a avaliación desta especie os niveis 1 e 2 de categoría de datos. Isto suporía usar máis dun índice (Francia + España), o que evitaría a redución do stock na zona 8c, é dicir, as augas fronte á costa cantábrica e Golfo de Biscaia. Desde o punto de vista socioeconómico a cota proposta para esta especie representa un risco de estrangulamento que, de materializarse, podería oscilar entre os 1,7 millóns de euros se afectara so a frota de palangre, e os 14,8 se chegara a paralizar a actividade do conxunto das frotas afectadas.

Para o linguado demándase manter o límite asignado a España no 2025. Asemade, para a pescada planeábase evitar o efecto perverso que provoca a situación dos peches na avaliación dos stocks, así como realizar unha avaliación científica máis precisa considerando áreas máis pequenas. Considerando os recortes establecidos, a Xunta estima que estes poden supoñer perdas de decenas de millóns de euros. Deste xeito, portos como o de Celeiro e o de Burela serían os máis golpeados, xa que a pescada norte representa case o 50 % dos seus ingresos por vendas.

Atún vermello e outras especies

O documento tamén propón o establecemento dunha asignación, en concepto de pesca fortuíta, do atún vermello para os segmentos de frota galegos do arrastre, cerco e artes menores, o incremento da do palangre de superficie e a mellora das porcentaxes de asignación de cota da sardiña e bocarte. Con respecto a este último, tamén se contempla a posibilidade de establecer unha liña de traballo de cara a unha asignación de pesca accesoria desta especie para a artes menores de xeito, racú e piobardeira nas zonas CIEM 8c e 9a.